




QUEDA A PEGADA

CURSO DE ESGRAFIADO

OS CASARES, CHANTADA

16– 19 DE XULLO DE 2026



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo
2027



ARTESANÍA
DE GALICIA



Queda a pegada é un curso centrado na técnica tradicional do esgrafiado de paredes, impartido pola artista Gloria García Lorca, pola ceramista Loira Pérez de Raposiñas e por Carola Carrot, artesá no ámbito da construción. O curso propón unha viaxe cara a dentro da parede para protexela, arroupala e embelecela.

Os esgrafiados son pegadas que quedan, marcas na pel das paredes e muros. A parede é o soporte e o esgrafiado pasa a ser parte construtiva do soporte, non é só un efecto embelecedor senón que serve para protexer o muro da humidade e da erosión. Aplícase a capa da base, de calquera cor e despois a capa de calquera grosor e así comeza a viaxe de fóra cara a dentro e de dentro cara a fóra.

No curso utilizaranse as técnicas tradicionais de esgrafiado que permitirán entrar en espazos ocultos e descubrir contidos e novas posibilidades. Rabuñando capas irase desvelando o que en principio nin se ve nin se imaxina.

Poder experimentar con estas técnicas antigas e artesanais abre camiños para encontrar outras linguaxes e así poñer literalmente en relevo as posibilidades destas técnicas ancestrais aplicadas a linguaxes actuais. Estarán presentes as referencias populares e artesanais como fonte e raíz porque comparten a fronteira e beben unha da outra.

Datas: 16, 17, 18 e 19 de xullo de 2026

Lugar: Os Casares, Chantada (Lugo)

Horario: 11:00-14:00 + 15:30-19:30

N.º de participantes: 12

Dirixido a profesionais da artesanía e do deseño.

Terán preferencia os artesáns e artesás do rexistro de Artesanía de Galicia.

Prezo: 120 € (*100€ para artesáns e artesás inscritos/as en Artesanía de Galicia).

Comida incluída



Gloria García Lorca

Nace en NY durante o exilio da súa familia, onde estuda Literatura e Arte no Sarah Lawrence College, Bronxville NY. En 1967 trasládase a Madrid, onde vive e traballa como artista, poeta e tradutora. Tamén pasa longas tempadas en Galicia, na súa casa-taller de Corrubedo.

Dende que reside en España expuxo en galerías de arte contemporánea como Juana Mordó, Juana de Aizpuru, Buades, Travesía Cuatro e Vilaseco, entre outras. O seu traballo está presente en coleccións institucionais e particulares, así como en feiras, bienais e mostras colectivas, tanto nacionais como internacionais.

Nas últimas décadas as súas pezas céntranse principalmente no campo da escultura, creando obras en cerámica en distintos formatos e cunha certa consistencia arquitectónica, tanto na súa forma como no seu xeito de relacionarse co plano da parede que intervéen.

Loira Pérez

Loira Pérez é ceramista e creativa. Formada en Belas Artes, Conservación e Restauración de Bens Culturais e Deseño, a súa práctica desenvólvese arredor da investigación material e dos procesos técnicos como linguaxe creativa. Especializada en cerámica a través do *Máster en Cerámica: Arte e Función* da Euskal Herriko Unibertsitatea, onde comezou a traballar a arxila dende unha perspectiva artística e funcional.

Dende 2019 desenvolve xunto con Abelardo Pérez o seu proxecto en Cerámica Raposiñas (A Pobra do Caramiñal), onde desenvolve proxectos propios e colaboracións con artistas, marcas e institucións, combinando técnicas tradicionais de reprodución cerámica con ferramentas dixitais. O seu interese céntrase na transformación da materia en material, os sistemas de produción manual e as posibilidades expresivas da técnica entendida como ferramenta de pensamento e de investigación.



Carola Carrot

Carola é artesá no ámbito da construción, especializada en revestimentos de materiais naturais como a cal e a arxila, combina oficio e experimentación para as súas creacións.

Dende hai máis dunha década traballa na recuperación, no estudo e na aplicación das técnicas tradicionais. Dentro destas atópase o esgrafiado, un tipo de cuberta mural empregada dende a antigüidade chegando a versionarse e adaptarse a todas as culturas e rexións do mundo onde a cal (materia prima) é accesible.

Carola ten realizado numerosos murais aplicando a súa mestría con deseños propios ou en colaboración con distintas artistas da escena mural e doutras outras disciplinas, explorando todas as posibilidades do material e a técnica.